

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FUNDACIÓN TRASLATIO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "REHABILITACIÓN DA EMBARCACIÓN HIDRIA SEGUNDO".

INTERVEÑEN

DNA. SILVIA CORTIÑAS FERNÁNDEZ, Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 157/2020, do 17 de setembro (DOG nº 190, do 18 de setembro), actuando en nome e representación da consellería por delegación da Conselleira do Mar de acordo co disposto no artigo 8 da Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG nº. 41, do 1 de marzo de 2022);

D. MARIO CARDAMA BARRIENTOS, Presidente da Fundación Traslato, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado de 20 de xullo de 2018, debidamente inscrito non Rexistro Estatal de Fundacións con data 14/07/2020 e co número de rexistro 2317. Actúa en nome e representación da mesma, que está clasificada como de Interese Xeral polos seus fines no rexistro de Fundacións de competencia estatal do Ministerio de Xustiza (Praza Jacinto Benavente, 3, Madrid)

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponden as competencias en materia de ordenación e o fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación dos produtos do mar no ámbito de Galicia, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder aos outros organismos da Comunidade Autónoma.



Que segundo o establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo), correspóndelle a esta Consellería, a investigación mariña e a coordinación, programación e execución das actividades de divulgación e de transferencia tecnolóxica nas comunidades pescadoras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e doutro material científico e didáctico.

SEGUNDO.- Que a Fundación Traslato foi creada en 2016 pola Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia e outras persoas físicas e xurídicas co obxectivo de realizar cada ano santo, ou cando os patronos o estimen conveniente, a ruta de peregrinación seguida polo corpo do Apóstolo dende mar Mediterráneo a Galicia.

Que os fins desta fundación son:

- Difundir e promover o Camiño de Santiago, en especial a través da tradición da Traslato.
- Difundir e promover a práctica da vela en grandes veleiros, por toda a xeografía española, sen prexuízo do ámbito internacional, favorecendo a interrelación cultural e entre a xuventude.
- Difundir e promover o patrimonio marítimo, cultural, material e inmaterial, da vila de Bouzas e de Vigo, a tradición do Cabaleiro das Cunchas en tanto feito esencialmente relacionado coa Traslato e, en xeral, da Tradición Xacobeá e as súas rutas marítimas.
- Promover internacionalmente a peregrinación por mar a Santiago de Compostela.
- Promover internacionalmente a difusión turística asociada ao fito Xacobeo e á Traslato.

Que, ademais, a Fundación Traslato traballa na promoción dos grandes portos galegos como destinos de grandes veleiros que navegan polas nosas costas, ofrecendo visitas gratuítas a estes barcos cando están nos peiraos.



TERCEIRO.- Que a través dun convenio con los armadores asinado o 25 de marzo de 2022, a Fundación é a cesionaria da embarcación Hidria Segundo como barco de representación, como buque museo e como escenario para desenvolver actividades culturais sobre o patrimonio cultural mariñeiro.

Que entre 1966 e principios dos anos 90 o alxibe a vapor Hidria Segundo subministraba auga de manancial a mercantes, transatlánticos e pesqueiros desde o porto de Vigo. Este histórico alxibe é considerado como único barco a vapor en activo de toda España. Rescatado do despezamento polos actuais armadores púxose a punto a embarcación e a transformaron nun buque museo e de pasaxeiros, se ben tivo que abandonar as Rías Baixas xa que en Galicia non existía unha lei que regulase e ordenase o patrimonio marítimo, quedando este tipo de naves desprotexidas. Unha década despois o Hidria Segundo volta ao porto de Vigo coa colaboración da Fundación Traslato e a Autoridade Portuaria de Vigo, onde se ensinará o seu funcionamento e a súa historia, con visitas abertas ao público, centro de talleres de formación náutica e de eventos e lugar de conferencias.

Que, neste sentido, a Fundación Traslato ten previsto o desenvolvemento dun taller didáctico sobre o patrimonio cultural mariñeiro con 12 actividades coa seguinte temática: orientación artesanal no mar; xornada de pesca artesanal; parque de pesca a bordo; moverse no mar; a decoración máxica dos barcos; pescar para comer; artes perigosas; fabricar un instrumento de pesca artesanal; o rescate do aparello; investigando o mar; a luz na auga; a conservación dos produtos do mar.

Que todos estes apartados temáticos compóñense de paneis fotográficos, obxectos e elementos interactivos que permiten, xunto coas explicacións dos/as monitores/as do barco, a comprensión e a posta en práctica dos conceptos e contidos expostos dun xeito lúdico e moi pedagóxico.

Que, non obstante, para poder realizar estes talleres e devolver o barco a un estado que lle permita navegar hai que levar a cabo unha serie de traballos de rehabilitación e melloras.

Que, cando estas reparacións estean efectuadas e o barco estea completamente operativo, poderanse retomar as navegacións polo interior da ría de Vigo, sendo



posible realizar saídas con navegacións dun máximo de 8 horas, así como de fin de semana ou semana completa pernoctando ata un máximo de 24 persoas especialmente dirixidas a xoves e colectivos desfavorecidos.

CUARTO.- Que por parte da Consellería do Mar considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar coa Fundación Traslato na rehabilitación do barco Hidria Segundo dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Que a totalidade das manifestacións culturais (construcións, obxectos e creación inmateriais) é o que se considera como un sistema ou conxunto de gran valor histórico e patrimonial a preservar e no que avanzar ao futuro. Un patrimonio ligado ao mar que explica a transformación do territorio e do modo de vida da xente do mar, da súa construción social e cultural ao longo do tempo, e da evolución dos seus oficios e técnicas

Así que, sendo patente a vontade de colaboración das entidades intervintes, as partes acordan a subscripción do presente Convenio, compartindo por igual os seus fins e de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é instrumentar os termos nos que se concede unha subvención directa, de carácter excepcional, pola Consellería do Mar (en adiante Consellería) á Fundación Traslato (en adiante Fundación) para a realización do proxecto denominado "Rehabilitación da embarcación Hidria Segundo" por importe de vinte e seis mil douscentos cincuenta euros (26.250,00 €), o que supón unha porcentaxe do 25% do orzamento total aceptado.



A tal efecto, o presente convenio ten o carácter de bases reguladoras da citada subvención.

Razóns de interese público, social e económico xustifican a concesión directa da subvención xa que para a Consellería resulta fundamental fomentar aquelas actuacións que contribúan a preservar e protexer o patrimonio histórico marítimo galego coa achega desta riqueza patrimonial e cultural ao conxunto da cidadanía e tendo en que conta que:

En primeiro lugar, a Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro clasificada como de interese xeral que ten entre os seus fins fundacionais difundir e promover o patrimonio marítimo, cultural, material e inmaterial.

En segundo lugar, o buque Hidria Segundo ten un indubidable valor histórico, cultural e patrimonial, sendo o único barco de vapor conservado en toda España. A súa rehabilitación contribuirá á posta en valor do patrimonio industrial, cultural e marítimo vigués e galego.

En terceiro e último lugar, que a Consellería do Mar carece na actualidade de bases reguladoras de acordo coas cales puidera ser concedida, en réxime de concorrencia, competitiva ou non, esta subvención.

As actuacións obxecto desta subvención figuran como **Anexo I** a este convenio.

SEGUNDA. Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 105.000,00 €, IVE non incluído, coa seguinte desagregación por partidas:

- Proxecto de oficina técnica para a reforma do buque.....10.063, 00 €.
- Execución das reformas.....94.937,00 €.

Poderanse compensar os gastos subvencionables definidos neste apartado ata un máximo dun 10% do importe de tales partidas, sen que isto requira previa modificación deste convenio.



Deste orzamento total, a Consellería financiará as actividades cun importe máximo de 26.250,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 15.01.721A.781.01, código de proxecto 2017 00050, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2022.

A Consellería procederá ao pagamento do importe a favor da Fundación, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Consellería para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables

1. Consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado, se produzan durante o prazo de execución do proxecto e se abonen de forma efectiva con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

2. En particular, terán a consideración de gastos subvencionables:

- a) Os gastos nos que se incorra na elaboración do proxecto de execución así como, se é o caso, do estudo de seguridade e saúde e de coordinación do mesmo
- b) Se é o caso, os honorarios profesionais tanto por dirección das reformas como pola coordinación de seguridade e saúde.
- c) Os gastos nos que incorra para execución integral das reformas.
- d) Os gastos por pago de tributos, incluído o IVE cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

3. Non terán carácter de gastos subvencionables:

- a) A contratación de persoal vinculado á Fundación que non estea directamente relacionado coa execución do proxectos subvencionado.



- b) Os investimentos e adquisicións de material, equipos ou bens de natureza inventariables que supoñan un incremento de patrimonio da Fundación.
- c) Os gastos de funcionamento ordinario, tales como: adquisición de mobiliario, equipos informáticos ou elementos de transporte.
- d) Os xuros debedores das contas bancarias e gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.
- e) Os xuros, recargos e sancións administrativas ou penais.
- f) Os gastos de procedementos xudiciais.

4. Se o orzamento total do proxecto incluía partidas de gasto non subvencionable, estas serán descontadas do total, unha vez calculada a contía subvencionable, sen que, en ningún caso, a Consellería asuma o coste das mesmas.

5. Cando o importe dos gasto subvencionable supere as contías establecidas que a normativa contractual das Administracións Públicas establecen para a contratación menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á data de formalización deste convenio.

CUARTA. Compromisos das partes

1. Compromisos da Fundación:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Xustificar ante a Consellería o cumprimento dos fins, requisitos e condicións, así como a realización das actuacións que determinan a concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Consellería, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que corresponda á Intervención



Xeral da Comunidade Autónoma, en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas de Galicia, así como a calquera outro órgano de control, facilitando tanta información lle sexa requirida por ditos órganos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- Obter os permisos, autorizacións ou licencias que sexan preceptivas para a execucións do proxecto subvencionado.
- Facer constar a cooperación da Consellería en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Gardar confidencialidade de toda aquela información ou actuación facilitada ou que se obteña con motivo ou ocasión da execución do proxectos subvencionado.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería do Mar poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Dar consentimento expreso á Consellería do Mar para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.



- Comunicar á Consellería a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que as do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.

Esta axuda queda sometida ao réxime de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, de 24 de decembro).

A Fundación, antes da concesión da axuda, deberá presentar unha declaración responsable sobre calquera outra axuda de mínimos recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso suxeitas ao Regulamento (UE) 1407/2013 ou a outros regulamentos de mínimos.

2. A Consellería comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

QUINTA. Xustificación e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia – Carpeta do cidadán da persoa beneficiaria/representante (<https://sede.xunta.gal> – código de procedemento PR004A).

Para a percepción da axuda será necesario presentar electronicamente ante a Secretaría Xeral Técnica da consellería a seguinte documentación:

1. Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica, asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:



- a. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como **Anexo II**.
 - b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil con eficacia administrativa.
 - c. Extractos ou certificacións bancarias acreditativas do pagamento das facturas que forma parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pago inclúa varias facturas, deberase presentar unha relación delas.
 - d. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado a Fundación para aqueles supostos en que o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 € (coste por execución de obra) ou de 15.000 € (subministración de bens ou prestación de servizos).
3. Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto na que se indique entidade concedente, data e importe total concedido (**Anexo III**).
 4. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
 5. Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A contía total das axudas de mínimos concedidas non poderá exceder de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este umbral aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido

As axudas de mínimos non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se dita acumulación da lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.



O beneficiario/representante responsabilizase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de xeito motivado a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O prazo para a presentación da xustificación dos investimentos remata o 30 de novembro de 2022.

O pago da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o que se concedeu. O pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido nesta cláusula, sen terse presentado esta, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería requiriralle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente segundo o previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

A falta de presentación da xustificación dos investimentos no prazo establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009 comportará á perda do dereito ao cobro da subvención.

SEXTA.- Concorrenza de subvencións.

A subvención que se instrumenta neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, outorgadas ou concedidas por calquera Administración Pública ou calquera ente público ou privado, nacional ou internacional.

SÉTIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Consellería e as persoas que realizan as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que



non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

OITAVA.- Subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu Regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

NOVENA. – Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.



Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

DÉCIMO SEGUNDA. -Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificación na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio comunicárase á Base de datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos de carácter persoal.



As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679, do 27 de abril, (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO CUARTA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorreran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



DÉCIMO QUINTA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio por duplicado no lugar e data expresados.

Pola Consellería do Mar

Pola Fundación Traslatio

Silvia Cortiñas Fernández

Mario Cardama Barrientos



ANEXO I

ACTUACIÓNS OBXECTO DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO
"REHABILITACIÓN DA EMBARCACIÓN HIDRIA SEGUNDO".

- CALDERERÍA
 - o Reparación das balastradas de babor e estribor para o apoio en cuberta dunha toldilla desmontable.
 - o Realización de soportes desmontables para bancos nas cubertas baixo as toldillas.
 - o Realización dun soporte para a botavara no acceos á adega de proa.
- APARELLOS E JARCIA
 - o Renovación da jarcia móbil. Estímase unha renovación do 50% de motóns e pastecas para a manobra das velas.
 - o Desmontaxe e pintado de botavaras e perchas.
- SISTEMA CONTRA INCENDIOS
 - o Revisión do sistema de seguridade de CO2.
 - o Actualización do sistema de espuma de media expansión, renovación da espuma e adaptación de tubos.
- BAÑOS
 - o Revisión de tubos de instalación dos baños de popa. Instalación de colector para inodoros, instalación de dúas bombas de auga salgada . Instalación de bomba trituradora na fosa séptica.
 - o Instalación de fosa séptica en baño de proa.
 - o Subministración de bomba trituradora en fosa séptica.
- CUBERTA DE BOTES
 - o Subministración de toldillas "fenólico mariño recuberto de fibra de poliéster". Posta a punto de puntal para izado de bote de rescate. Reparación de bote de rescate e subministración de 6 bengalas de man, 6 sinais firmeras e dúas balsas salvavidas SOLAS DE 65 de 65 persoas con soporte e disparador hidrostático.



- **MANOBRA DE ATRAQUE.**
 - o Renovación e posta a punto de maquinilla de proa.
 - o Renovación de dúas bitas metálicas para manobra de atraque.
 - o Fabricación de reforzado en toldilla de popa para gateras e subministración de gateras.
- **EIXO DE COLA E HÉLICE.**
 - o Montaxe de eixe en posición e montaxe de hélice en eixe de cola. Comprobación de folgas e realización de informe correspondente.
- **TIMONERÍA**
 - o Fabricación de polín de aceiro para instalación de cilindros hidráulicos do servotimón.
 - o Instalación de botellas brazos hidráulicos do sistema de timonera.
 - o Subministración de 60 litros de aceite hidráulico.
 - o Revisar o sistema de anclaxe de timón.
- **MÁQUINA PRINCIPAL DE VAPOR E PROPULSIÓN.**
 - o Desmontaxe e limpeza da máquina de vapor incluíndo o coxinete de alta e o condensador .
 - o Revisión de válvulas da caldeira. Reparación de fuga en tubo de alimentación, revisión de filtro de gasoil e bomba e fabricación de filtro de auga.
- **MATERIAL NÁUTICO.**
 - o Revisión de aparatos de navegación e comunicación
 - o Revisión chalecos de manobra.
 - o Subministración botiquín tipo C e tramitación en capitanía.



ANEXO II

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTE DAS ACTUACIÓNS

D/Dña_____con
DNI_____, en nome e representación da
entidade_____
_____, con CIF_____

DECLARA

Que os gastos que a continuación se relacionan, teñen relación directa co convenio de
colaboración asinado coa Consellería do Mar
para_____

Acredor	Nº factura	Data factura	Obxecto	Importe	Data pago
	Suma de investimentos				

Data e sinatura.



ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ENCONTRARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS

D/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

a) Que para a seguinte actuación _____,
a entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS.

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS.

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

b) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



E para que conste ante a Consellería do Mar, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

